

INSCRICIÓNS



Para inscribirte no III EDESCANOP cobre o formulario que se encontra na páxina web do LAUV-GAAT (http://webs.uvigo.es/lauv-web/IIIEDESCANOP_inscricion.html) ou envíanos un correo-e a lauvweb@gmail.com co teu nome e apelidos, DNI ou Bilhete de Identidade (necesarios para diplomas), teléfono de contacto, e-mail e unha pequena descrición da túa relación coa temática do encontro (estudiante de historia, arqueólogo@ profesional, persoal de museos...).



COMITÉ ORGANIZADOR

Adolfo Fernández Fernández. LAUV-GAAT
Fermín Pérez Losada. LAUV-GAAT
Manuel Grande Rodríguez. LAUV-GAAT
Marta Lago Cerviño. LAUV-GAAT
Martín Xosé Vázquez Mato. LAUV-GAAT

ORGANISMOS ORGANIZADORES E COLABORADORES



Laboratorio de Arqueoloxía da Universidade de Vigo. Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio (LAUV-GAAT)



Asociación de Licenciados e Estudiantes de Historia de Ourense (ALEHOU)



Vicerreitoría do Campus de Ourense (VICOU)

Vicerreitoría do
Campus de Ourense
Universidade de Vigo



Facultade de Historia da Universidade de Vigo



3º ENCONTRO DE ESTUDIOS SOBRE CERÁMICA ANTIGA DO NOROESTE PENINSULAR

Obradoiro Teórico-Práctico Sobre ÁNFORAS ROMANAS DE PRODUCCIÓN HISPÁNICA

Laboratorio de Arqueoloxía da Universidade de Vigo-GAAT.

Facultade de Historia. Campus Universitario de As Lagoas, Ourense.
13 e 14 de outubro de 2011



Vicerreitoría do
Campus de Ourense
Universidade de Vigo



FACULTADE DE HISTORIA

PRESENTACIÓN DAS XORNADAS



O Laboratorio de Arqueoloxía da Universidade de Vigo constituído como un equipo do Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio (GEAT) comprácese en organizar unha terceira edición do EDESCANOP que decorrerá os días 13 e 14 de outubro na Facultade de Historia da Universidade de Vigo.

Estos Encontros arrincaron no ano 2007 como plataforma de reunión e discusión de especialistas en estudos cerámicos do Noroeste, e como tal, celebrouse o primeiro EDESCANOP. Os organizadores optaron, dous anos despois (2009), por trocar o enfoque cara un encontro concibido como unha actividade formativa, teórica e práctica, destinada a cubrir baleiros formativos de profesionais da arqueoloxía, estudantes de historia e investigadores. Para elo, o IIº Encontro artellouse sobre a figura do máis importante experto sobre a cerámica tardorromana de produción africana: o Investigador Doutor Michel Bonifay (CNRS, Aix-en-Provence) quen, durante dúas xornadas, achegou a cerámica africana de época romana aos máis de 30 inscristos, superando todas as expectativas da organización. Os participantes consideraron o IIº EDESCANOP, concibido como un curso teórico-práctico, como unha actividade única na nosa Comunidade, tremendamente útil e que cubría unha necesidade formativa de distintos colectivos implicados no mundo da Historia e da Arqueoloxía, e así comunicáronlle á organización.

Co IIIº EDESCANOP, o LAUV-GEAT recolle as demandas dos participantes da pasada edición, que nos trasladaron a necesidade de organizar un curso teórico/práctico —a imaxe e semellanza do realizado en 2009 sobre a cerámica de produción africana— sobre as ánforas de época romana. Non obstante, o universo anfórico antigo é tremendamente amplo e complexo, polo que foi necesario acoutar o marco de estudio ás ánforas romanas de produción peninsular (Béticas e Lusitanas) deixando para futuras edicións outras produción anfóricas mediterráneas —tamén documentadas na Galiza—, en especial as orientais, unha vez que as ánforas producidas na Tunisia xa foron abordadas amplamente no 2009.

Para cubrir todo o panorama anfórico peninsular de época antiga dende unha achega teórica e práctica, o IIIº EDESCANOP medra considerablemente fronte as pasadas edicións propoñendo dúas xornadas cos meirandes especialistas das tres zonas produtoras máis importantes en época romana, coa inclusión das producións da Galiza, minoritarias respecto ás outras pero de enorme interese para a nosa comunidade científica.



DOCENTES

Dr. DARÍO BERNAL CASASOLA.....Universidad de Cádiz (UCA)

Dr. ENRIQUE GARCÍA VARGAS.....Universidad de Sevilla (USE)

Dr. CARLOS FABIÃO.....Universidade de Lisboa (FLUL)

Dr. RUI MORAIS.....Universidade do Minho (UMINHO)

PROGRAMA



Xoves 13 de outubro

Lugar: Facultade de Historia de Ourense

9:00 9:30

Recepción dos participantes

9:30 10:00

Acto de Apertura do IIIº EDESCANOP

Dra. María Lameiras. Vicereitora do Campus de Ourense

Dra. Milagros Cavada. Decana da Facultade de Historia

Dr. Fermín Pérez Losada. Director do LAUV.

10:00 11:30

Dr. Enrique García Vargas (USE)

Sesión teórica: Ánforas Béticas do Val do

Guadalquivir

11:30 12:00 Pausa Café

12:00 14:00

Dr. Enrique García Vargas (USE)

Obradoiro práctico: Ánforas Béticas do Val do

Guadalquivir

14:00 16:00 Xantar (Libre)

16:00 17:30

Dr. Darío Bernal Casasola (UCA)

Sesión teórica: Ánforas Béticas costerías

17:30 18:00 Pausa Café

18:00 20:00

Dr. Darío Bernal Casasola (UCA)

Obradoiro práctico: Ánforas Béticas costerías

Venres 14 de outubro

Lugar: Facultade de Historia de Ourense

10:00 11:30

Dr. Carlos Fabião (FLUL)

Sesión teórica: Ánforas Lusitanas

11:30 12:00 Pausa Café

12:00 14:00

Dr. Carlos Fabião (FLUL)

Obradoiro práctico: Ánforas Lusitanas

14:00 16:00 Xantar (Libre)

16:00 17:30

Dr. Rui Morais (UMINHO)

Sesión teórica: Ánforas locais/regionais

17:30 18:00 Pausa Café

18:00 20:00

Dr. Rui Morais (UMINHO)

Obradoiro práctico: Ánforas locais/regionais

20:00 20:30

Acto de clausura coa entrega de diplomas

Dr. Fermín Pérez Losada. Director do LAUV